



## **Convenio entre la Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria y la Compañía Gas Natural SDG, S.A., para la implantación de un sistema de formación profesional dual por el régimen de becas.**

### **Memoria xustificativa**

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **declara:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou o día 19 de maio de 2016 coa Compañía Gas Natural SDG, S.A., o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 15 de setembro de 2016 e o 15 de setembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Compañía Gas Natural SDG, S.A. para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións da Compañía Gas Natural SDG, S.A. e no centro educativo IES Urbano Lugo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Compañía Gas Natural SDG, S.A. está disposta a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012: formación coa participación da empresa, na que esta facilita aos centros de formación os espazos, as





instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

Este proxecto de formación profesional dual é de carácter experimental e ten as seguintes características:

- a) Este proxecto toma como referencia un currículo oficial implantado na comunidade autónoma de Galicia, neste caso concreto o establecido no Decreto 138/2011, de 9 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Sistemas electrotécnicos e automatizados.
- b) Terá unha duración desde o 15 de setembro de 2016 ata o 15 de setembro de 2018.
- c) A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e a empresa asinante, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo de Sistemas electrotécnicos e automatizados e a obtención do título de técnico superior en Sistemas electrotécnicos e automatizados.
- d) Ademais, atendendo ás características das empresas, o primeiro ano de vixencia deste proxecto dedicarase un 10 % do tempo de estadía do alumnado na empresa a formación complementaria á establecida nos currículos dos ciclos formativos correspondentes, para reforzar a formación do alumnado e





mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano esta porcentaxe será do 5 %.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 31 de maio de 2016

